# *Ornithogalum unifolium (>< O. concinnum)* L., 1753

- leite de galiña/de paxaro, ornitólago
- ornitógala
- 
- llet de gallina
- ornithogalum, star-of-bethlehem
- leite de galinha



**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

Sen avaliar

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Liliopsida** | **Asparagales** | **Asparagaceae** | ***Ornithogalum*** |

## ORIXE

Iberia.

## CARACTERÍSTICAS

Planta de porte herbáceo. Raíz bulbosa. Talos florais erectos, sen follas, ou con elas moi reducidas. Follas lineares ou estreitas, duns 15 cm de lonxitude, que adoitan xurdir dunha roseta basal. Flores agrupadas en acios relativamente densos. Teñen forma acampanada, 6 tépalos libres de cor branca, 6 estames e un pistilo curto. O froito trilobulado ten forma de cápsula ovoidea-fusiforme, dentro do cal se forman as sementes.

## HÁBITAT

Habita en matogueiras, herbazais, rochedos e zonas abertas ou semiabertas. Prefire substratos silíceos e ben drenados. Aparece dende a zona baixa ata altitudes moderadas, como máximo 2000 m.

## DISTRIBUCIÓN

Endémica da Península Ibérica. Presenta unha distribución ligada a ecosistemas mediterráneos ou atlántico-mediterráneos.

## CURIOSIDADES

Os bulbos das raíces conteñen compostos tóxicos, que son daniños para animais e persoas se se inxiren.